

**SOCIEDADE FILATELICA NUMISMÁTICA GUARDESA**

Medalla de Oro  
al Mérito Filatélico de FEGASOFI

**EXFIMIÑO**

Boletín informativo da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa

Número 25 outubro 2013

Coordenador: Carlos Castro

**EXFIMIÑO 2013**  
Exposición Filatélica,  
Coleccionismo e Manualidades

Do 11 ó 13 de outubro de 2013  
no Recreo Artístico Guardés

**Inauguración** : día 11 de outubro as 20 h.  
- Charla de J. Miguel Villa sobre Constante Cavaleiro González

**Horario de visitas** : de 11 a 14 h. e de 17 a 20 h.  
- Entrada libre.

Organiza: **Sociedade Filatélica Guardesa**

Colaboran: **Federación Galega de Filatelia**  
**Recreo Artístico Guardés**

Patrocinan: **Dixutación de Pontevedra**  
**Concello de Guarda**

Este ano rematamos o ciclo adicado a homenaxear aos membros da primeira Xunta directiva da *Sociedad-Pro Monte Santa Tecla*, e con motivo do Centenario das *FESTAS DO MONTE* deixamos para este ano 2013 a homenaxe ao vogal e membro da primeira xunta directiva da *Sociedad-Pro Monte*, como o impulsor da primeira *Festa do Monte Sta. Tecla*, que este ano 2013 fai 100 anos que se celebra por primeira vez. Este ano a exposición filatélica EXFIMIÑO 2013 celébrase os días 11, 12 e 13 de outubro, nos salóns do Recreo Artístico Guardés. Con este motivo porase en circulación un selo personalizado e un cuño para conmemorar tan importante data.

Conrado Pérez Alonso e Catarina Cardón, membros da primeira Xunta directiva da *Sociedad-Pro Monte* e o impulsor das *Festas do Monte*. Foto cedida por a súa neta Pilar Cardón.

Selo personalizado creado por Carlos

Cuño especial, creado por Carlos. Deseño de Ángel Martínez para EXFIMIÑO 2013

2



Na última Asemblea Xeral da Federación Española de Sociedades Filatélicas, (FESOFI) celebrada o día 3 de marzo de 2013 en Madrid acordouse, co motivo do 50 aniversario de Fesofi, conceder a medalla ao

recoñecemento ao extenso labor realizado en prol da Filatelia asociativa española, así como da Filatelia en xeral, entre outros a José A. Gándara Rodríguez Secretario da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa.

O acto de entrega realizouse o día 29 de abril de 2012 no Auditorio Museo Casa da Moeda en Madrid.

Do 6 ao 13 de outubro de 2012 celebrouse en Calahorra a 50 edición da EXFILNA, cunha participación de máis de 160 coleccións, a máis representativa a Clase Temática con 30 coleccións.

Nesta ocasión a participación dos membros da nosa sociedade, por diversos motivos, foi escasa. Estivo presente a colección, Beleza e cosmética natural, de Marta Verde Rodríguez, que acadou 77 puntos, (medalla de vermeil) e na Clase Literatura no apartado Sistemas audiovisuais e programas de filatelia informatizada, o blog da nosa sociedade alcanza 73 puntos, (medalla de Prata grande).

<http://www.filateliaguardesa.blogspot.com.es/>



3

Por iniciativa da directiva da Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa, co fin de promocionar non só o coleccionismo filatélico e numismático, senón tamén outras formas de coleccionismo, celebrouse o pasado ano os días do 28 ao 31 de marzo a 1ª Feira de coleccionismo coa correspondente exposición. Na cual participaron un bo número de socios e tamén algunha persoa aínea a Sociedade que se sumou a iniciativa.



**Constantino Candeira González** (1851-1933), coñecido popularmente por Constante Candeira, foi vogal da Sociedade Pro-Monte entre 1912 e 1917, e vicepresidente dende 1917 ata 1925, tras o falecemento de Vicente de Vicente. Era guardés de adopción pois nacera en Celeiros (Ponteareas). De novo trasladouse a estudar a Madrid, sendo en aqueles anos cando participou moi activamente na política.



Constantino Candeira González cara a 1923.  
(Fotografía cedida por Pilar Candeira Fernández de Arce)

Ao parecer chegou a ser delegado da provincia de Pontevedra na Xunta Revolucionaria da Primeira República de 1873, sendo un dos primeiros en proclamala en Ponteareas. Licenciado en medicina, nunca chegou a exercer como médico pois dende un primeiro momento se dedicou plenamente aos negocios familiares da industria madeireira ata converterse no principal industrial da Guarda e un dos máis importantes de Galicia. No ano 1883, xunto ao seu irmán Matías, fundou na Pasaxe, Camposancos, a primeira fábrica de serrar chamada *Candeira Hermanos*. A partir de entón comeza a excepcional carreira empresarial de ambos os dous irmáns que lles levará a crear novos negocios, entre eles *Candeira y Estens* (con fábricas en Vigo, Ponteareas e Salvaterra), *Candeira y Co.* e *Rafael Candeira y Co.* (con fábricas en Ponteareas). Foi ademais armador de vapores e veleiros, dos que construíu tres en Camposancos. Talvez o punto culminante de Constante Candeira como empresario lle chega en 1927 cando, en unión doutros industriais, transforma o seu negocio orixinal da Pasaxe nunha sociedade anónima chamada *Serveñas del Miño*, sendo presidente do consello de administración. Así pois, estamos ante un home de negocios excepcional que, como veremos, vai proxeccionar as súas inquietudes cara ao seu pobo de acollida por medio dunha decisiva participación na Sociedade pro Monte.

Efectivamente, na reunión fundacional de Pro-Monte do 29 de setembro de 1912, Constante Candeira realizou dúas propostas que foron aceptadas por unanimidade como obxectivos da sociedade: 1ª) Que a futura sociedade dedicase boa parte das súas enerxías aos estudos arqueolóxicos pois no monte Santa Trega -dicia- s'ichanse abundantes vestixios de dominación romana en España. E 2ª) Que se celebrase a inauguración desta asociación cunha visita ao monte a cargo das familias dos socios, a cal se realizaría a un ano vista, no día da festividade de Santa Trega ou un domingo inmediato. Nacía así un dos elementos distintivos da Guarda: a súa *Fiesta do Monte*, a primeira das cales íase celebrar o 24 de agosto de 1913.

6

Constantino Candeira González realizou tamén unha importante achega ao urbanismo do monte Santa Trega ao financiar tres obras no cumio:

1. - *A Prazoleta do Sociedade Pro-Monte*. Construíuse en 1918, ao lado esquerdo da escalinata de acceso ao Pilpito, e foi proxectada e custeada por un entusiasta socio de Pro-Monte que quixo permanecer no anonimato. Non obstante, con motivo do seu falecemento no ano 1933, na memoria anual de Pro-Monte desvelouse que a devandita prazoleta foi unha obra debida á xenerosidade de Constante Candeira.
2. - *O Palco de música*. Construíuno xa no ano 1932, na parte baixa do Facho, xusto no medio do arranque das dúas escaleiras deste pico.
3. - *Os Miradoiros Candeira*. Son dous, situados no tercio medio do pico do Facho. O primeiro debeu facelo en 1918, cando acometeu a Prazoleta antes citada. Posteriormente, entre 1932 e 1933, reformouno e mellorouno construíndo outro novo miradoiro por enriba ao que se accedía dende o primeiro por outras escaleiras. En 1935 a directiva de Pro Monte decidiu colocar á entrada o actual letreiro de mármore que di: «Miradoiros Candeiras».



*Directivos de Pro-Monte na primeira Festa do Monte do ano 1913, na casa de Constante Candeira quen aparece sentado no centro. (Fotografía cedida por Antonio Martínez Vicente)*

7

Outra actuación de relevo na Guarda do vicepresidente de Pro-Monte Constante Candeira produciuse no ano 1921 cando propuxo unha colecta entre as familias poderentes da localidade ao obxecto de reunir a cantidade de 14.000 pesetas que custaban os terreos onde se debía empregar o Hospital-Casa-Asilo en proxecto. Aceptada a proposta, formouse unha comisión recadadora formada por Constante Candeira, José Benito Sobrino e José María Lomba, os cales puxeron en marcha a colecta. E o primeiro en apuntarse na lista foi o propio Candeira con 2.000 pesetas.

Por último, xa no ámbito persoal, mencionaremos que Constantino Candeira González casou en 1889 coa guardesa Consuelo Pérez López, coa que tivo oito fillos: Consuelo, Constantino, Carmen, Candelaria, Celso, Celia, Concha e Carlos Candeira Pérez. A todos, como vemos, lles puxo nomes que empezan pola letra «C». Para esta familia numerosa construíu, como vivenda familiar, un magnífico palacete no centro da vila que aínda hoxe se conserva en perfecto estado.



*Pico do Facho en 1912, cos dous Miradoiros Candeira e as dúas respectivas escaleiras de acceso. (ADPP, Servizo Fotográfico)*

*Texto de D. Asapán Miguel Villo Álvarez*

## EXPOSITORES EXFIMIÑO 2013

Sociedad Filatélica y Numismática Guardesa .....	La Sociedade Filatélica e N. Guardesa unida a la Sociedad Pro-Mente Santa Tecla.
Infomixe .....	Centenario de la Fiesta del Monte
Sociedad Filatélica y Numismática Guardesa .....	Cajas de certillas
M <sup>a</sup> Teresa Castro Martínez .....	Calendarios de boñillo
Marina Rodríguez Alfonso .....	Calendarios de boñillo (Billetes del Mundo y Flores de jardín)

Expositores juvenís

Alicia Rodríguez Salazar .....	A volar
Jacobed Fernández González .....	Arrigos de todo el mundo
Abraham Rodríguez González .....	Lado
Jerónimo González Fernández .....	Moviciónos en cuatro ruedas

Historia postal

Andrés García Paice .....	Prefilatelo de Galicia: marcos de obono
José M <sup>a</sup> García Carreira .....	Historia postal española 1956-1946
J. Ángel Gándara Rodríguez .....	Historia postal de La Guardia

Tradicional

Marcelino Portela Lorenzo .....	1 <sup>a</sup> y 2 <sup>a</sup> Centenario de España
---------------------------------	--

Matasellos conmemorativos

Jorge Martínez Baz .....	Matasellos primer día de Europa CEPT
Luciano Lomba Vicente .....	Matasellos conmemorativos de A Guardia

Temática

Miguel Martínez Pérez .....	Faros y otras ayudas a la navegación
Cristina Domínguez Rotes .....	La vela a través de la historia
Alexandra Taboada Lago .....	El perro siempre allí
Luciano Lomba Vicente .....	Del monasterio rural a la catedral urbana
Jorge Martínez Baz .....	Ese desconocido principio
Marta Verde Rodríguez .....	Belleza y cosmética natural
José M <sup>a</sup> García Carreira .....	La censura postal en Estados Unidos durante la Segunda Guerra Mundial
Alfonso Darado Searra .....	El vino
J. Ángel Gándara Rodríguez .....	Celón, rumbo a las Indias
Beatriz González Abel .....	Las siete letras de mi tierra
M <sup>a</sup> Elba Abad Suárez .....	A raiña que chegou de Oriente
Joaquín Silva Martínez .....	Papeles con historia

Clase afirme

Manuel Martínez Martínez .....	Vino: denominación de origen
Luciano Lomba Vicente .....	Esteros postales y aerogramas ilustrados de España
Marta Verde Rodríguez .....	Diccionario Filatélico

**Marcas de la censuras postales de Camposancos ( A Guardia)**



*Marca no catalogada.*

El sábado, 4 de septiembre de 2010, publicaba en este blog: *La Censura Postal Militar en A Guardia durante la Guerra Civil*. según los datos obtenidos hasta ese momento, otorgábamos A Guardia, 3 marcas de censura, una de ellas utilizada en Camposancos, basándonos en el libro, la obra más completa y de referencia de Marcas utilizadas por la censura Nacional de Ernest L. Heller.

Recientemente en estos últimos meses en distintas casas de subastas españolas, se han puesto a la venta dos tarjetas y un sobre postal con la marca de Censura del Campo de Concentración en Camposancos, situado éste en el barrio del Pasaje. Por lo que suponemos que esta nueva marca, hasta ahora desconocida, ya que no se tenía referencia de ella, era utilizada exclusivamente en el campo de concentración y la anteriormente catalogada pudiera que fuese utilizada en Camposancos (Parroquia), sin descartar que las dos marcas hallan sido utilizadas en el Pasaje, en distintas etapas. Ya que las pocas marcas que se conocen de la marca, hasta ahora conocida de Camposancos son todas del mes de octubre de 1938, mientras que estas nuevas marcas son todas con fecha de 1939 entre los meses de marzo y abril.

Seguiremos buscando más ya que ninguno de ellos he sido capaz de adquirirla.



*Marca catalogada por Ernest L. Heller*



*Marzo*



*Abril de 1939*



*Marzo de 1939*

José A. Gándara Secretario de la SFeNG

Colección de caixas de mistos que foi doada a Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa, polo socio D. Ramón Sobrino Álvarez.

As caixas de mistos foron abertas e postas nas follas para a súa exposición pola tesoureira da S.F e N.G. Marta Verde Rodríguez, con todo o seu agrado para o disfrute de todos.

Para nos o ter esta colección é un orgullo pois no seu día as caixas de mistos pertenceron ao noso primeiro presidente Don Francisco Sobrino Rodríguez.

Pódense contemplar series completas de diferente temática como por exemplo: "historia del vestido", "animales", etc.

A continuación publicamos algunhas follas da colección.

